



QUE NOS DI O TEXTO?

Instrucións

- Realiza unha lectura do texto e presta atención aos detalles da descrición.
- Plasma o lido nun debuxo, de xeito que os datos da descrición coincidan o máis posible co debuxo realizado, independentemente da calidade artística.

O TEXTO É O SEGUINTE...

Estamos na primavera. Ao fondo hai un campo florido con moitas margaridas e algunha que outra flor cunha cor amarela. Nesa mesma zona hai dúas árbores, que fermosas son! Éstas son corpulentas, con ramas moi finas e cheas de flores azuis.

Ao lado esquerdo do campo hai un gran estanque de pedra gris cheo de auga limpia, cristalina e transparente, e tamén no que podo ver como saltan varios peixes. Son a atracción das persoas que pasan preto del; agora mesmo, un neno loiro está a tirarlles unha trociño de pan do seu bocadillo.

Máis preto de min, observo un par de palomas xogando, mentres unha gaivota sobrevoa o ceo azul e soleado.

Ao lado dereito do campo atópase un longo paseo de madeira que agora mesmo está baleiro, pero

habitualmente pasean familias por alí. Gústame moito porque parece que non ten fin!

**AGORA FAI O DEBUXO DO TEXTO QUE ACABAS LER. FÍXATE BEN NOS
DETALLES!**

SEGURO QUE CHE SAE XENIAL!